

REDE EUROPEA DE LIVING LABS (ENOLL)

A European Network of Living Labs (ENoLL) é a federación internacional que agrupa os melhores Living Labs de Europa e do mundo.



A Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) en representación da **Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE)** é membro oficial da federación internacional da ENoLL.

Fundada en novembro de 2006 baixo a Presidencia Europea de Finlandia, esta rede Internacional de Living Labs está presente nos cinco continentes ademais de Europa. Ata o momento, a rede consta de máis de 300 Living Labs de todo o mundo. Despois dun exhaustivo proceso de solicitude e revisión, o comité avaliador da ENoLL determinou que LABSAÚDE e a súa formulación metodolóxica cumpren os requisitos necesarios.

Directamente, así como a través dos seus membros activos, a ENoLL proporciona instalacións de co-creación, participación dos usuarios, probas e experimentación dirixidas á innovación en moitos campos diferentes como a enerxía, os medios de comunicación, a mobilidade, a atención sanitaria, etc. ENoLL é a mellor plataforma para o intercambio de boas prácticas, aprendizaxe, e desenvolvemento de proxectos internacionais de Living Labs.

ACTIVIDADES RELACIONADAS

The response of the Galician health living lab ecosystem to Covid-19

ENOLL NEWSLETTER

Maio 2022

Novembro 2022

CONTIDOS RELACIONADOS

A Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE) obtén a certificación como Living Lab e membro oficial da Rede Europea de Living Labs (ENoLL)

A ENoLL dá a benvida á Rede de Living Labs de Saúde de Galicia no marco do seu congreso anual “Digital Living Labs Days”.